

PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 4ºESO (1ª AVALIACIÓN)

I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(A súa Cualificación suporá o 20% da nota global do trimestre, é dicir, até 2 puntos sobre 10)

1. Avaliación Inicial.
2. COMUNICACIÓN:
 - Os medios de comunicación. Debates.
 - Os tipos de textos. O informe
 - O comentario crítico.
3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA:
 - As interferencias lingüísticas.
 - Os desvíos normativos.
4. LINGUA E SOCIEDADE:
 - Ecoloxía das Linguas. As linguas do Estado Español
 - A variedade das linguas. Dialectoloxía.
 - Dúas linguas nunha sociedade.
 - O primeiro terzo do s.XX.
5. EDUCACIÓN LITERARIA:
 - A época Nós.
 - O comentario narrativo.

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura 4º ESO*, Ed. Anaya)

II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (PTIC)

(A súa Cualificación suporá o 35% da nota global do trimestre, até 3'5 puntos sobre 10)

TÍTULO: *A situación da lingua no primeiro terzo do s. XX./ A Literatura da época Nós e as Vanguardas.*

1. Elaboración dun tema (máximo 50 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de apoio, de fotocopias e páxinas web indicadas polo docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TIC

DATAS: Entrega: 1 de Novembro. Exposición: primeira-segunda semana de Novembro.

III. LECTURAS (PL)

(A súa Cualificación suporá o 10% da nota global do trimestre, até 1 punto sobre 10)

1ª Lectura: *Os dous de sempre.* Castelao. Ed. Galaxia

(A Avaliación desta lectura realizarase a través de distintos procedementos: informes, comentarios, traballos, controis... e suporá 1/5 da nota global do trimestre, é dicir, unha Cualificación de até 2 puntos sobre 10)

DATA: Finalizada: 1 de Novembro.

ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR e/ou COMPLEMENTARIA: Saída didáctica a Pontevedra. Roteiro Castelao

Outras Lecturas: Realizadas as lecturas obrigatorias, o alumno/a escollerá libre e voluntariamente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Dará conta delas a través de entrevistas persoais ou de informes enviados ao correo-e do profesor/a. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario realizarase a través da información recibida de xeito oral ou escrito. **Darase por rematada o día do exame.** Suporá un **incremento de até 0'5 pts. por lectura** na nota global do trimestre, sempre que no exame o alumno/a tivese acadado polo menos un 4)

IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá o 35% da nota global do trimestre, até 3'5 puntos sobre 10)

Seguirá o modelo da Avaliación Inicial, consistente nun texto en torno ao cal se realizarán preguntas para avaliar o grao de asimilación das aprendizaxes do trimestre. Buscarase sempre que sexa formativo e informativo, mais non sumativo nin concluínte.

DATA: Realización: segunda semana de Decembro.